



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 818 Semana do 28 de xaneiro ao 3 de febreiro de 2019

O SINDICATO DENUNCIA QUE A ECONOMÍA VAI PERO SÓ PARA UNHA MINORÍA

EN GALICIA TER UN EMPREGO XA NON É SINÓNIMO DE SAÍR DA POBREZA, O 31,3% DOS TRABALLADORES TEÑEN UN SALARIO INFERIOR OU IGUAL AO SMI

O V Comité Nacional de UGT-Galicia insta ás administracións a que nun prazo máximo de seis meses garantan un marco enerxético estable que asegure o futuro das industrias electrointensivas galegas

Redacción.- O V Comité Nacional de UGT-Galicia, máximo órgano de dirección do Sindicato entre congresos, reuniuse o pasado mércores en Teo para analizar a situación actual e facer propostas de cara ao futuro. A principal conclusión que se sacou das intervencións que alí se fixeron, tanto por parte dos responsables das federacións de nacionalidade como dos distintos territorios, é que a economía vai pero só para unha minoría porque as familias traballadoras ven como a recuperación non lles chega. Isto fai que a cidadanía anhele un cambio de rumbo na senda da recuperación de dereitos laborais e un fortalecemento do Estado de Benestar e dos servizos públicos esenciais.

A realidade galega contextualízase cun PIB que medra a un ritmo do 0,6% no terceiro trimestre de 2018, en termos intertrimestrais. Esta mellora en termos macroeconómicos contrasta con outra realidade. Unha sociedade cada vez máis envellecida, cunha redución de 190.000 mozos (entre 20 e 34 anos) dende o ano 2008 e cunha taxa bruta de natalidade que non supera os 7 nacementos por cada mil habitantes.

170.000 persoas seguen en situación de desemprego e dende comezos da crise cifrase en 124.000 os empregos perdidos en Galicia, perdeuse a décima parte da ocupación. A precariedade dos fogares galegos é máis que evidente, 54.200 fogares con todos os seus membros activos no paro (no 2009, xa en crise, esta cifra era de 44.800); a taxa de cobertura por desemprego é de tan só o 56,3% (70% no 2011) e esta é de carácter maioritariamente asistencial; o 49% dos desempregados no perciben prestacións; e hai 27.000 fogares nos que non entran ingresos. Isto da unha clara visión dos riscos de pobreza e exclusión social que asolagan a moitas familias galegas.

Os traballadores galegos seguen perdendo peso no reparto da renda. Se no 2008 a remuneración do persoal asalariado representaba o 46,9% do total, no último trimestre do 2018 o peso baixa ao 42,7%. Basicamente, pola perda de emprego e contención salarial. Pola contra, o empresariado, a pesar dos anos de crise, pasa dun peso do 45% no 2008 ao 47,6% no 2018.

Este escenario conduce a unha taxa de risco de pobreza ou exclusión social que en Galicia afecta xa ao 22,6% da súa poboación.

As familias ven como a súa situación non mellora. Aínda que si é certo que o emprego mellora en termos cuantitativos, ter un posto de traballo xa non saca ás persoas de risco de pobreza ou exclusión social, xa que 321.120 asalariados galegos, o 31,3% do total, teñen un salario medio inferior ou igual ao SMI.

Neste contexto, a Xunta, cos seus Orzamentos para o 2019 presenta unha liña continuísta e segue na senda da supeditación ás esixencias financeiras. A Xunta non recupera o orzamento en emprego previo á crise. No 2008 este era de 378,7 millóns de euros e no 2019 será de 263 millóns, con 124.000 empregos menos e 52.300 desempregados máis.

Para UGT-Galicia, estes orzamentos deberían apostar claramente pola xeración de emprego de calidade, apostar



polo tecido produtivo e a súa diversificación e polo reforzamento dos servizos públicos e a protección social.

Chegou o momento de mudar en Galicia as políticas económicas co fin de consolidar un novo modelo de crecemento máis equilibrado e sostible que xere emprego e diminúa as desigualdades.

UGT-Galicia estará vixiante para que non haxa salarios por debaixo dos 1.000 euros nos contratos de obras e servizos das administracións

Neste senso, en materia do emprego de calidade, a Xunta ten que ser garante dos dereitos laborais e sociais nos procesos de contratación pública, para o cal UGT-Galicia continuará coa súa campaña de cláusulas sociais e respecto ás condicións laborais nas contratacións públicas, en liña con isto o Sindicato esixirá que nos contratos de obras e servizos das administracións públicas non haxa contratos por debaixo dos 1.000 euros.

Tamén urxe un plan de choque polo

Continúa na páxina seguinte...

...continúa na páxina seguinte.

emprego; un plan industrial de carácter estratéxico con instrumentos tanto sectoriais como territoriais co obxectivo de acadar o 20% do PIB en 2020; é preciso que se poñan en marcha medidas para corrixir os elevados custos enerxéticos da industria e, neste senso, todas as administracións teñen que poñer en marcha neste primeiro semestre do ano un marco enerxético estable que garanta o futuro das industrias electrointensivas en Galicia; e necesítase tamén unha oferta suficiente de chan industrial; e dinamizar as zonas rurais.

O V Comité Nacional de UGT-Galicia insta á Xunta a que abra un proceso de diálogo social para cambiar as políticas económicas e consolidar un modelo de crecemento estable que xere emprego de calidade e diminúa as desigualdades

O Comité considera que urxe abrir un proceso de Diálogo Social en base á folla de ruta que se presentou ao inicio da lexislatura. Que, en definitiva, demanda un cambio das políticas económicas para consolidar un modelo de crecemento máis equilibrado e sostible, xerador de emprego de calidade, así como, a diminución das desigualdades que, como mínimo, debería pasar por un cambio de rumbo das políticas activas de emprego; a consolidación e mellora do Estado do Benestar (público, solidario e universal),

como a educación, a sanidade, a xustiza, a cultura, a vivenda e o seu desenvolvemento con suficiencia de recursos e melloras na accesibilidade e calidade a través de todos os servizos públicos; fortalecer as políticas en materia de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo; restablecer e incre-

Finalmente, o V Comité Nacional de UGT-Galicia aprobou tres resolucións de urxencia. Unha delas en apoio ás mobilizacións e convocatoria de folga no sector do transporte sanitario de Galicia. Outra, en demanda de medidas de mellora do emprego e condicións laborais e mellora da calidade de atención sanitaria á



mentar as prestacións sociais cunha renda de inclusión social de Galicia que se dote de recursos suficientes; e a protección da infancia e a adolescencia e a situación de risco e desamparo.

Resolucións en apoio ás mobilizacións do transporte sanitario, en demanda de medidas para a mellora da atención sanitaria en Galicia e pedindo un compromiso coa Fábrica de Armas e coa cidade das TIC

cidadanía en Galicia, neste senso, lémbrose todos os conflitos abertos no eido sanitario nesta Comunidade, nalgúns servizos de urxencias, como no CHUS, ou en varios centros de atención primaria. A terceira resolución reclama compromisos por parte da Xunta e outras administracións implicadas coa Fábrica de Armas da Coruña, pola continuidade da súa actividade laboral, e coa cidade das TIC, para o seu desenvolvemento e que esta poida ser unha realidade, un verdadeiro campus tecnolóxico no que as empresas do sector poidan compartir un espazo e supoña un empuxe para a comarca.

50.700 PERSOAS LEVAN MÁIS DE DOUS ANOS NA PROCURA DE EMPREGO E HAI EN GALICIA 27.000 FOGARES SEN PERCIBIR NINGÚN TIPO DE INGRESO

A CRISE E AS REFORMAS LABORAIS DEIXAN COMO HERDANZA A PRECARIIDADE EN GALICIA

Cunha taxa de temporalidade xa de 26 puntos (27,3 no caso das mulleres), cunha taxa de parcialidade involuntaria do 57,4% e con 11.300 asalariados con contratos de menos dun mes

Redacción.- Nunha primeira análise os datos da EPA facilitados este martes reflicten unha caída no cuarto trimestre de 2018 do paro en 4.100 persoas, o 2,65%. Se ben estes datos nun primeiro momento poderían parecer positivos, aínda que a ocupación continúa afastada dos valores superiores ao 50% de antes da crise, unha análise máis detallada das estatísticas apunta a altas taxas de temporalidade, precariedade e grandes dificultades para as familias galegas.

Para UGT-Galicia, a crise e as reformas laborais impostas deixaron esta herdanza, unha precarización do mercado laboral e dos dereitos dos traballadores, traendo con-

signo altas doses de desigualdade, ata situar a taxa de pobreza e risco de exclusión social en Galicia nos 22,6 puntos.

Para o Sindicato, urxe outra política centrada nas persoas. Unha política que implique un plan de choque polo emprego que reduza o desemprego, protexa ás persoas vulnerables, que cree emprego de calidade e con dereitos e que aumente os salarios da poboación, co fin de lograr unha recuperación digna para o conxunto da sociedade.

Así, os datos feitos públicos esta semana reflicten unha caída da ocupación en Galicia do 0,76%, 8.400 empregados me-

nos. Evolución contraria ao resto do Estado onde medra o 0,19%, en 36.600 persoas. Con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, medra a ocupación en ambos contextos, nun 3,06% en Galicia. Deste xeito, as cifras de ocupación sitúanse en 1.088.100 persoas. A pesar desta evolución, aínda se está moi lonxe dos valores superiores ao 50% que se rexistraban antes da crise.

O paro cae no trimestre en 4.100 persoas, o 2,65% e no ano nun 18,22%, 33.200 persoas. Hai 148.900 persoas en

Continúa na páxina seguinte...

...vén da páxina anterior.

situación de desemprego en Galicia cunha taxa de paro de 12 puntos e no Estado de 14,45. Esta diferenza non se explica por un mellor comportamento do mercado laboral galego, senón polo seu menor dinamismo por estar inmerso nun profundo cambio estrutural pola caída poboacional e da poboación activa. De feito, xa dun xeito estrutural, conséntase a persistencia da diminución da poboación de 16 anos ou máis, no ano 2.000 menos e 900 activos menos.

O paro de longa duración segue a ser unha das grandes preocupacións. 71.600 persoas desempregadas levan máis dun ano na procura dun posto de traballo, destes, 50.700 máis de dous anos.

As familias o seguen a pasar mal. A pesar

da tan publicitada recuperación. Aínda hai 54.200 vivendas con todos os seus activos no paro e 27.000 sen perceptores de ingresos.

Por sectores, no trimestre no único que hai valores positivos é no industrial, con 2.700 ocupados máis. Pola contra, a contracción nos servizos resulta elevada, con 8.300 ocupados menos, na construción, con 500 ocupados menos e no primario con 2.400 ocupados menos.

En relación a hai un ano, rexístrase un aumento nos servizos, nun 5,4%, na construción, nun 2%, pero danse caídas considerables na industria, do 2,2%, e no sector primario, do 7,4%.

A taxa de paro queda nos 12 puntos (11,3 no caso dos homes e 12,8 no caso das mulleres). Entre os menores de 25 anos a taxa de paro é de 29,6 puntos, é di-

cir, 30 mozos e mozas de cada cen persoas de poboación activa menor de 25 anos está no desemprego.

O número de asalariados cae no trimestre nun 0,7%. Hai 873.300 persoas asalariadas. A taxa de temporalidade xa é de 26 puntos (27,3% entre as mulleres) cunha tendencia a subir.

A precariedade e temporalidade do mercado laboral galego é tal que hai 226.800 asalariados cun contrato temporal, dos que 3.000 teñen contratos de tan só un día e 11.300 teñen contratos que non chegan nin ao mes. Outra mostra máis da precariedade é a contratación a tempo parcial, cunha taxa de parcialidade involuntaria do 57,4%. É dicir, un total de 86.600 persoas ocupadas o están a tempo parcial porque non atopan un traballo a tempo completo.

ARRANCAN AS MOBILIZACIÓNS DOS TRABALLADORES DE AMBULANCIAS CON CONCENTRACIÓNS DIANTE DOS HOSPITAIS GALEGOS

O día 8 está convocada a primeira xornada de folga



Redacción.- Tras o debate e as votacións que tiveron lugar nas diferentes asembleas que se celebraron en varias comarcas galegas a pasada semana, os traballadores do transporte sanitario de Galicia, tanto o ordinario como o urgente, decidiron abrir un calendario de mobilizacións con varias xornadas de folga.

De feito, este abriuse o pasado xoves con concentracións diante dos hospitais da Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Arousa e Vigo. Este foi o punto de arranque ás xornadas de folga convocadas dos días 8 ao 11 de febreiro, do 18 ao 24 de febreiro, do 4 ao 10 de marzo e, se non hai unha solución antes ao conflito, a partir do 20 de

marzo a folga terá carácter indefinido.

A este punto chégase pola intransixencia da patronal e pola irresponsabilidade da Xunta

Óscar Vázquez, de FeSP-UGT-Galicia, explicou que a este punto chegouse ante o bloqueo da negociación do convenio colectivo, as ameazas da patronal e a propia responsabilidade da Consellería de Sanidade nesta situación.

Na última xuntanza mantida coa patronal na mesa de negociación do convenio, esta retrocede nas súas

propostas e pon enriba da mesa un recorte salarial do 10%, a renuncia ao contrato do 061, a posibilidade de que algunha empresa entre en suspensión de pagos e que non aseguran as nóminas a partir de marzo.

FeSP non entende este repentino cambio de actitude que bota por terra os avances previos doutras xuntanzas. Isto conduciu ao bloqueo da negociación e obrigou aos sindicatos a propoñerlle aos traballadores a convotaria da folga. FeSP corresponsabiliza desta situación á Xunta que foi quen outorgou as concesións ás empresas, as que agora se queixan de que os orzamentos non chegan para cubrir custos salariais.

FeSMC DENUNCIA A ADXUDICACIÓN DE VARIOS CONCURSOS DE SEGURIDADE EN BIBLIOTECAS E MUSEOS DEPENDENTES DE CULTURA

Redacción.- Desde o equipo de contratación pública de FeSMC UGT xa viñamos anunciando que a licitación do concurso da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia nos servizos de seguridade privada estaba viciado e permitía a autorización de subterfuxos na presentación das distintas ofertas ao concurso e, sobre todo, a unha das empresas máis conflictiva nestes momentos, "Alcor Seguridade", xa que se atopa con numerosos procedementos penais abertos en distintos xulgados da xeografía española que implican ao anterior membro da dirección, Carlos Somoza Fouces, á súa muller, fillas, así como outros membros da dirección administrativa.

Todo iso é coñecido no ámbito do sector de seguridade privada. Estas políticas e xei-

tos de actuar provocan graves problemas para o sector da seguridade privada, expoñendo aos traballadores a unha deterioración cuantitativa dos seus dereitos laborais e sociais, ademais de xerar unha competencia desleal cara ás empresas que cumpren correctamente coas súas obrigacións cos traballadores, deixándoas fóra de mercado a consecuencia deses incumprimentos de empresas como Alcor Seguridade.

Desde FeSMC UGT Galicia denunciámos esta situación e instamos á Consellería de Cultura a que mude a situación e xeito de actuar nestes concursos porque está a xerar precariedade, favorecendo a empresas "piratas" e deixando en clara indefensión a traballadores da seguridade privada.



UGT gaña as eleccións en Tranvías Coruña

Redacción.- FeSMC-UGT vén de gañar as eleccións sindicais na empresa de transporte urbano da cidade da Coruña, Compañía de Tranvías.

UGT obtivo o respaldo de 98 votos; 76 foron para a GTT; 29 para CSIF; 18 para CIG; e 13 para CCOO.

O Sindicato agradece a confianza depositada polos traballadores do transporte público da cidade herculina, tanto polo traballo realizado nestes últimos catro anos, como polo proxecto presentado de cara ao vindeiro mandato.

É NECESARIO UN PLAN ESTRATÉXICO PARA A INDUSTRIA E REVERTER A REFORMA LABORAL DE 2012

Redacción.- Os datos do avance da Contabilidade Nacional do cuarto trimestre do ano reflicten o mantemento do ritmo de crecemento da economía española. Segundo esta primeira estimación, o PIB crecería no cuarto trimestre de 2018 un 0,7% trimestral e un 2,4% en termos anuais, igual que no trimestre anterior. Estes datos mostran unha senda de crecemento sostido. O emprego (medido en postos de traballo equivalentes a tempo completo) crece a un ritmo do 2,6%, unha décima máis que no trimestre anterior (o que supón 463.000 ocupados máis).

UGT valora estes datos, na medida que reflicten unha notable solidez da actividade económica e da creación de emprego no noso país, que está a soportar ben o impacto negativo da contracción do comercio mundial derivada do enfrontamento económico entre EEUU e China, da incerteza que está a xerar o proceso do Brexit, e do esgotamento dos ventos de cola favorables que impulsaron o crecemento nos anos anteriores (especialmente, a inxección monetaria do Banco Central Europeo). Con todo, para o sindicato algúns dos datos coñecidos son moi preocupantes. En particular, destacan negativamente dous deles.

Dun lado, a baixada da actividade das ramas industriais, que pasaron de crecer a un ritmo do 4,9% hai un ano a caer un 1,1% agora. É algo, sen dúbida, moi negativo, porque na industria atópase a base produtiva máis estable dun país, a que serve de motor do avance tecnolóxico e a que xera emprego de maior calidade.

Doutro lado, a intensa creación de emprego (algo en si mesmo positivo) é consecuencia en boa parte dun fenómeno perverso: a baixa calidade do emprego creado. Por iso, a produtividade por traballador e por hora traballada non só son reducidas, senón que mesmo son negativas (-0,2% e -0,6%, respectivamente), o que constitúe unha anomalía para calquera economía.

UGT considera que o crecemento económico non está a xerar o tipo de emprego que o noso país necesita, nin se están repartindo os froitos do mesmo de maneira equitativa. O emprego que se está creando é esencialmente precario (temporal, a tempo parcial, con diminución de dereitos laborais e mal remunerado), e iso non está a permitir nin consolidar un crecemento máis sustentable social e medioambientalmente, nin obter os recursos adecuados, vía cotizacións e impostos, para soste un estado de benestar avanzado. En esencia, o crecemento está a alimentar os beneficios empresariais, pero non o benestar xeral das familias traballadoras.

Para UGT, esta situación ten que cambiar. Houbo xa decisións e actuacións que camiñan no sentido adecuado, como o IV Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC) entre os interlocutores sociais para aumentar o salario mínimo de convenio a 1.000 euros en 2020, a subida do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) a 900 euros en 2019, o acordo para mellorar o emprego e as retribucións dos empregados públicos de 2018 a 2020, a revalorización das pensións co IPC ou a mellora parcial dalgunhas prestacións por desem-

prego. Tamén o Proxecto de Orzamentos Xerais do Estado (PXE) para 2019 contén aumentos de dotacións en partidas moi necesarias para mellorar o noso modelo de crecemento e o noso nivel de benestar social, polo que debería ser aprobado no Parlamento, coa inclusión dalgunhas outras medidas pertinentes. Pero todo isto non basta.

En primeiro lugar, é necesario implementar un Plan Estratéxico para a Industria no noso país, que contribúa a elevar a súa achega ao 20% do PIB (agora é do 16%), e poñer unha maior atención investidora nos factores que posúen maior incidencia sobre as bases dun crecemento de futuro, como o I+D+i, as infraestruturas de comunicacións, a sociedade do coñecemento e a formación dos traballadores e as traballadoras, apostando por unha nova estratexia industrial de longo prazo que nos sitúe á cabeza do progreso entre os países da nosa contorna, sen diminución dos dereitos laborais e sociais.

En segundo lugar, resulta fundamental que os contidos dos acordos mencionados anteriormente aplíquense plenamente, e en especial, que as empresas trasladen á negociación colectiva o que pactaron no IV AENC, para elevar os salarios de maneira acorde co momento do ciclo económico que atravesamos.

Por último, é imprescindible revertir a reforma laboral de 2012, sen o cal non será posible traducir o crecemento da actividade en emprego de calidade, máis produtivo e estable.

UGT URXE APROBAR A DIRECTIVA EUROPEA SOBRE CONCILIACIÓN

Redacción.- Segundo datos do informe anual da Seguridade Social sobre o pago de prestacións por maternidade e paternidade publicado esta semana, un ano máis se reducen as prestacións. En concreto, os procesos de maternidade caeron un 5,82% e os de paternidade un 3,44%, con respecto ao ano anterior.

Permisos por maternidade

Nos últimos dez anos, os permisos por maternidade caeron alarmantemente reducíndose en máis de 87.000 (87.806) o número de prestacións que paga a Seguridade Social por razón da maternidade. Isto supón un descenso de case o 26% (-25,78%), con respecto ás prestacións que se pagaron no ano 2009, cunha diferenza no gasto da Seguridade Social polo pago desta prestación de case o 20% (19,75%).

Estes datos reflicten algo que o sindicato vén denunciando permanentemente: que as mulleres teñen cada vez máis complicado o acceso ás prestacións de maternidade polas precarias condicións laborais que padecen.

O Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) xestionou 252.706 prestacións económicas por maternidade ao longo do ano 2018, por un total de 340.512 que se xestionaron no ano 2009.

Do conxunto de prestacións recoñecidas en 2018, o 98,12% foron percibidas pola nai e apenas un 1,88% corresponderon ao pai, o que pon de manifesto que os permisos de maternidade case non se comparten.

Permisos por paternidade

Tamén caeron os permisos por paternidade, aínda que este descenso é menor. En 2018 pagáronse 17.493 permisos de paternidade menos que no ano 2009, o que equivale a unha redución do 6,41% desta prestación no últimos dez anos. Pero a diferenza da maternidade, o gasto da Seguridade Social para o pago desta prestación incrementouse en máis do dobre, debido á ampliación da duración deste permiso que só poden gozar os pais (ou outro proxenitor), pois non se pode compartir coa nai.

Excedencias para o coidado familiar

As excedencias ou permisos parentais para o coidado familiar con todo, incrementáronse en máis dun 45% (45,39%). Convén lembrar que estes permisos non contan con ningún tipo de prestación económica, e que son as mulleres, en case un 90% (89,45%) dos casos, as que se acolleron a este dereito.

É certo que se incrementou lixeiramente o número de homes que se acollen ao disfrute destes permisos, pasando do 5,51% en 2009, ao 10,55% en 2018, pero aínda seguen sendo moi poucos. Apenas



6.021 homes por 51.036 mulleres acolléronse a unha excedencia para coidar dun familiar o pasado ano.

UGT considera que a falta de remuneración destes permisos é o principal motivo polo que os homes non fan uso deles. Por iso, o sindicato acolle con satisfacción o acordo alcanzado o pasado xoves entre o Parlamento, a Comisión e o Consello Europeo, para a tramitación dunha Directiva Europea, que inclúe un permiso parental de, polo menos, 4 meses retribuídos e intransferibles, debido a que tan só España, Reino Unido, Grecia, Irlanda, Chipre e Malta non contemplan unha prestación económica para estes permisos. O resto de países da Unión Europea contan con permisos parentais retribuídos.

Nese sentido, UGT subliña a necesidade de que esta Directiva Comunitaria se aprobe de forma urxente e, nese sentido, insta ao Goberno a abordar esta cuestión cos interlocutores sociais, no marco do Diálogo Social na Mesa de Igualdade, constituída o pasado martes 28 de xaneiro.

O AVOGADO XERAL DO TXUE PIDE UN SISTEMA DE REXISTRO DA XORNADA LABORAL

Redacción.- O avogado xeral Giovanni Pitruzzella propón ao Tribunal de Xustiza que declare que a Carta e a Directiva 2003/88 impoñen ás empresas a obrigaición de implantar un sistema de cómputo da xornada laboral efectiva dos traballadores a tempo completo que non se comprometeron de forma expresa, individual ou colectivamente, a realizar horas extraordinarias.

A Federación de Servizos, Mobilidade e Consumo de UGT (FeSMC) celebra a posición do avogado xeral (o que en España coñecemos como o papel da fiscalía nunha causa), respecto á demanda que desde

UGT e outros sindicatos vimos expoñendo e denunciando desde hai moitos anos: a necesidade de obrigar ás empresas a establecer un sistema de rexistro das horas ordinarias realizadas polos traballadores e traballadoras.

Un rexistro de xornada non é para controlar aos traballadores, como torciteramente algúns xa queren indicar. Trátase de que o traballador, os seus representantes legais e a Administración, a través da Inspección de Tráballo, poidan ter á súa disposición un rexistro do número de horas produtivas que realiza e reclamar a



compensación do exceso se o houbera.

O ditame do avogado xeral é moi importante, pois ante o Tribunal de Xustiza Europeo ten moita relevancia e tense moi presente nas súas sentenzas.

A MESA DE DIÁLOGO SOCIAL SOBRE IGUALDADE INICIA OS SEUS TRABALLOS

Redacción.- Os secretarios xerais de UGT e CCOO, Pepe Álvarez e Unai Sordo, e a vicesecretaria xeral de UGT, Cristina Antoñanzas e a secretaria de Muller e Igualdade de CCOO, Elena Blasco, reuníronse esta semana, xunto ao presidente de CEOE, Antonio Garamendi, e a presidenta da Comisión de Igualdade da devandita organización, Val Díez, e o presidente e a directora do Departamento Sociolaboral de CEPYME, Gerardo Cuerva e Teresa Díez Terán, coa vicepresidenta do Goberno, Carmen Calvo, e a ministra de Traballo, Magdalena Valerio, para dar inicio aos traballos da Mesa de Igualdade, comprometida no diálogo social.

Unha mesa que, como sinalou Antoñanzas ao finalizar a reunión, “debería convocarse hai seis meses, cando se iniciaron os traballos nas outras mesas de diálogo social. Para UGT, o Goberno perdeu unha gran oportunidade de eliminar a desigualdade que existe no noso país, porque esta desigualdade existe e non podemos mirar cara a outro lado”.

“Sempre se tenta tratar a igualdade entre homes e mulleres de maneira transversal, pero era necesario crear unha mesa específica de igualdade”, considerou. “A igualdade entre homes e mulleres non só incumbe ao ámbito laboral, senón a outros moitos”.

A vicesecretaria xeral de UGT manifestou que durante a reunión o Goberno

“abordou distintos puntos a desenvolver. Parécenos que son adecuados, pero queremos deixar claro que hai que tomar medidas concretas e claras para abordar a brecha salarial e a discriminación das mulleres”.

Neste sentido, afirmou que esta mesa, aínda que sexa específica, “non pode estar illada. Cando falemos de contratos parciais ou temporais, somos as mulleres quen nos temos estes problemas. Por tanto, tanto na mesa de Seguridade Social como na de Emprego temos que abordar os temas que aquí se falen”.

Uns temas que o Goberno quiere iniciar a partir da proposición de lei impulsada polo Grupo Socialista no Congreso, “e entre todos abordar os aspectos máis concretos que consideremos para poder levar un Real Decreto. A semana que vén seguramente se volva a convocar esta mesa para proseguir cos traballos”.

A boa vontade da patronal débese reflectir tamén nas empresas



Cristina Antoñanzas sinalou tamén que, durante a reunión, CEOE e CEPYME sinalaron que a desigualdade entre homes e mulleres “é unha realidade e queren traballar para erradicala. É dicir, recoñeceron que existe brecha salarial”.

Neste sentido, considerou que sería necesario que estas declaracións “tamén as puxesen de manifesto nas mesas de negociación das empresas, xa que á hora de negociar os plans de igualdade atopámonos con moitos problemas para negociar medidas concretas para eliminar a brecha. En moitas ocasións, cando dicimos que hai discriminación nas empresas, dinnos que non é verdade e, por tanto, esa boa vontade que expresan ao máis alto nivel gustaríanos que se vise reflectida cara abaixo cando negociamos os convenios colectivos”.

O RESCATE DE PERSOAS NO MAR NON PODE SER PARTE DE POLÍTICAS MIGRATORIAS

Redacción.- UGT rexeita a pretensión do Goberno español de reducir a chegada de persoas ás costas españolas poñendo condicións ás operacións de salvamento marítimo e esixe que o Goberno promova un debate e a adopción de medidas na Unión, sen poñer encima da mesa como moeda de cambio e de presión, as vidas de quen trata de alcanzar a Unión Europea.

O sindicato rexeita as medidas, coñecidas a través dos medios de comunicación, coas que o Goberno español quiere reducir a chegada de persoas ás costas españolas. Medidas que, ao noso xuízo, afectarán tanto as operacións de Salvamento Marítimo como a outro tipo de buques, poñerán en perigo vidas, supoñerán un incumprimento das leis do mar e desprotexerán a operadores de Centro de Coordinación de Salvamento, capitáns, pa-

tróns e tripulantes de todo tipo de buques que actúen en operacións de salvamento.

As obrigacións de procura, rescate e asistencia a calquera persoa en situación de perigo no mar, contidas en convenios internacionais, nin poden ser parte dunha política migratoria, nin estar condicionadas por elas. A Unión Xeral de Traballadores considera inadmisíbel que, ante a incapacidade de alcanzar e cumprir acordos ao redor de fluxos migratorios na Unión, converteuse en materia de presión e de negociación, salvar ou non a vida de persoas en perigo no mar.

O axioma “se non poñemos medios, reducirase o efecto chamada”, ademais de falso, é especialmente groseiro e inaceptábel cando a falta deses medios provoca a perda de vidas. E, de paso, criminaliza ou

afecta á seguridade xurídica e ás condicións de traballo de quen trata de cumprir as obrigacións impostas polas leis do mar, sexan servizos públicos de rescate ou non.

En decembro de 2018 organizacións sindicais europeas, incluída a Unión Xeral de Traballadores, asinamos unha declaración sindical conxunta sobre a obrigación do Salvamento Marítimo, que sinalaba que fronte ao crecente número de persoas que han de ser auxiliadas no mar, os mariños non poden compensar a falta de cumprimento por parte dos gobernos nacionais das súas obrigacións xurídicas; estes teñen que tomar as medidas necesarias para asegurar que cada unha das persoas que necesiten ser auxiliadas o sexan. Por iso, a UGT esixe ao Goberno español, que cumpra rigorosamente as leis do mar, sexa cal for o tipo de buque que rescatou a persoas en perigo.